



Clasificación

Reino Animalia
Filum Cnidaria
Clase Anthozoa

Subclase Octocorallia
Orde Alcyonacea
Familia Alcyoniidae

Descrición

Coral brando colonial de forma variable, que forma colonias irregulares que chegan a acadar os 200 milímetros de altura. As colonias maduras desenvólvense formando lóbulos grosos, elásticos e carnosos, con forma de dedos de ata 3 centímetros de diámetro, que poden chegar a cubrir grandes superficies rochosas, mentres que as colonias en desenvolvemento comezan como pequenas incrustacións irregulares de apenas 5-10 milímetros de grosor. Os pólipos, cando se encontran totalmente estendidos, sobresaen do tecido da colonia aproximadamente 1 centímetro de altura e rodeando a boca, na súa parte superior, presentan 8 tentáculos, cada un dos cales ten ata 14 pínulas por lado. A cor da colonia pode ser variable, de amarelo a laranxa pálido, esporadicamente de cor branca; os pólipos son translúcidos.

Hábitat e Bioloxía

Desde os 5 ata os 100 metros de profundidade fixo a fondos rochosos, pedras ou cunchas, e incluso a gorgonias ou substratos artificiais, como sedelas de pesca, normalmente en lugares de fortes correntes de marea, que o aprovisionan de alimento. O desenvolvemento da colonia realízase fundamentalmente na primeira metade do ano, desde febreiro a xullo a colonia expándese regularmente, con varios períodos de comida ao día, para alimentarse. As colonias poden chegar a alcanzar unha lonxevidade de 20 anos.



Especies semellantes

Alcyonium glomeratum (Hassall, 1843): é de cor vermella con pólipos de cor abrancazada.

Alcyonium hibernicum (Renouf, 1931): é de menor tamaño e as súas colonias son de cor rosa ou violácea.

Alcyonium palmatum (Pallas, 1766): é de maior tamaño, presenta unha gran variabilidade de cor, pero nunca amarela, e os seus pólipos presentan tonalidades de cor.

Distribución

Desde o mar do Norte ata o sur de Portugal.



Curiosidades

O nome da especie, *digitatum*, provén da palabra latina «digitatus» que significa 'en forma de dedos' e foille posto polo desenvolvemento dediforme das colonias.

O copépodo *Critomolgus bulbipes* (Stock & Kleeton, 1963) é un ectoparasito desta especie e doutros alcyonidos.